



Deputación  
DA CORUÑA

# Boletín de Medio Ambiente

Nº 116  
18/12/2019  
Especial Nadal



A **decoración do Nadal** contribúe a alegrarnos os corazóns. Xa sexa o pesebre, a árbore ou as decoracións externas. Rúas de luces que nos lembran un momento único do ano. Pero **todos estes adornos constitúen un gasto adicional e o uso de máis enerxía**. O consumo eléctrico dispárase!

Cidades, fogares e grandes comercios ilumínanse e a demanda eléctrica dispárase. **Novembro, decembro e xaneiro supoñen máis de gasto eléctrico que os restantes meses do ano**. O motivo para que ocorra? A iluminación que decora as rúas, casas e establecementos públicos, máis o uso de electrodomésticos e calefacción para quentar as vivendas.

Imaxe: Stop cambio climático

## Noticias

### Propoñémosche un nadal máis ecolóxico e solidario

Durante todo o ano, e especialmente en datas sinaladas como as **festas do Nadal, os cidadáns e cidadás lánzanse ás rúas a comprar**, atendendo ás mensaxes lanzadas por unhas campañas publicitarias que comezan con máis dun mes de antelación do inicio das festas.

Este **consumismo** sen sentido **promove un modelo insustentable ambiental e socialmente**. **Ambientalmente** porque si o modelo de consumo dos países do norte estendécese por todo o mundo, serían necesarios 3 planetas (coas súas materias primas, fontes enerxéticas...) para atender a demanda. E **socialmente** porque só un 12 % da xente que vive en Norteamérica e Europa occidental é responsable do 60 % dese consumo, mentres que os que viven no sueste asiático ou no África subsahariana representan só un 3,2 %.

Fonte: Ecologistas en acción

### A árbore de Nadal..... natural ou artificial?

Que é máis **ecolóxico e menos daniño** para o medio ambiente unha árbore natural ou un artificial?

As substancias que se utilizan para a fabricación dunha **árbore artificial** e o tempo que estas tardan en degradarse son moi elevadas. En comparación unha **árbore natural** xeralmente provén de granxas reforestadas con frecuencia. E refugado de maneira correcta pode ser tratado como compost, o que é bo para o medio ambiente xa que axuda a nutrir a terra de nutrientes para fomentar o crecemento doutros seres vivos. **Conclusión: A árbore artificial** deixa unha pegada de carbono de máis do dobre que os árbores naturais. A **opción máis ecolóxica** é ir a un viveiro local, adquirir unha árbore con raíces e decoralo en casa. Así, tras o seu uso puntual seguirá con vida e prestando un servizo comunitario.

Fonte: Stop cambio climático



## O bosque como medicamento para o ser humano e para o planeta

O ser humano ten tan só 7 millóns de anos de historia e máis do 99% desta, pasámola en contornas naturais. Por iso estamos adaptados á Natureza.

O noso corpo vén dunha evolución biolóxica da terra e, como esta, estamos constituídos dunha parte sólida, outra líquida, outra gasosa e outra electromagnética. Para vivir, necesitamos non só alimento sólido, senón tamén auga, aire e enerxía. Por iso **os alimentos que inxerimos, a auga que bebemos, o aire que respiramos e as radiacións e ecosistemas nos que vivimos inciden directamente na nosa saúde.**

En Xapón “o “**medicamento forestal**” é unha subespecialidade de saúde pública que se encarga de estudar os beneficios na saúde do “Shinrin yoku” (baños de bosque) e a exposición á natureza.

Segundo a UNESCO e a OMS, as árbores, entre outras funcións, producen materia orgánica, aumentan a permeabilidade do terreo, contribúen a conservar as concas hídricas, melloran a calidade da auga e do chan, preservan a biodiversidade e evitan a erosión e as inundacións. **Coidar os nosos bosques e o medio ambiente é unha obriga, un deber e unha necesidade, si queremos coidar do planeta e da nosa saúde.**

Fonte: Bioeco actual (páx. 26-27)

## Pensas que coidas o medio ambiente en Nadal? : Responde a este cuestionario

O Cume do Clima de París foi un éxito aparente, máis de 200 países do mundo puxéronse de acordo para atallar o quecemento e reducir as emisións de gases de efecto invernadoiro.

Mentres cada estado vai pensado en que accións hai que poñer en marcha para cumprir coñs seus deberes, nós podemos comezar a facer algo positivo este nadal. Para iso propoñémosche que respondas o seguinte cuestionario. **Levarache só un par de minutos. Adiante!**

Fonte: Concilia2

## As luces de Nadal custan menos da metade a un coruñés que a un vigués

Mentres Vigo dispara o seu gasto en luces de Nadal, A Coruña mantén o seu. Pero, canto costa a cada habitante as luces da súa concello?

Vigo leva a palma. A decoración para estas festas é unha prioridade e excede a barreira do millón de euros en gastos. Concretamente, **investiuse 1,1 millóns en “10 millóns de luces led”**. Ese gasto supón un 31,5 % máis que o ano pasado e un 70,6 % máis que en 2016. Todo iso custa **3,70 euros por habitante en luces e decoración.**

Na Coruña, a cousa cambia. O goberno da Marea Atlántica **licitou no 2016 a iluminación por varios anos**, polo que este ano non tiveron a opción de incrementar o gasto en luces. O orzamento é bastante máis modesto, cun **investimento de 335.000 euros para 2,6 millóns de puntos luminosos.**

A gran novidade este ano foi o **video mapping sobre María Pita**. Estas festas, cada coruñés ha desembolsado **1,37 euros en luces e decoración**, menos da metade que un vigués. Esta relación de pago por persoa só é **máis baixa en Pontevedra e en Lugo**. Noutras cidades como Ourense, Ferrol ou Santiago aumentouse o gasto en luces.

Fonte: El Español

## Sabías que...

A Facultade de Fisioterapia da Universidade da Coruña conseguiu a **bandeira verde** que acredita a súa **calidade ambiental**. A distinción a entrega a Asociación de Educación Ambiental e do Consumidor. **A facultade céntrase no aforro da auga e a recollida selectiva de residuos.**



# Mestura informativa

## RECETA ECOLÓXICA: Galicia. Comida Rexional. Selección receitas para Nadal

A **gastronomía galega** é moi coñecida polas súas deliciosas comidas tradicionais, cheos de produtos típicos das súas zonas costeiras. Os **peixes e mariscos** adoitan ser os protagonistas durante o **Nadal**, pero tamén hai outros pratos típicos que quizais non coñezas, que derivan de tradicións e dos recursos de cada zona. Contámoschos con todo detalle.

En calquera comida do Nadal realizada en Galicia ten que haber polo menos un prato de marisco na mesa. Xa sexa un cóctel de mariscos, as míticas ameixas á mariñeira, recollidas de lugares tan prestixiosos como Carril, na Ría de Arousa, unha empanada de marisco, ou os mariscos cocidos sen máis, no seu estado máis natural.

Fonte: Petitchef

## 10 plans do Nadal na Coruña, Ferrol e arredores

Acábase o ano. Toca botar a mirada atrás e analizar todo o vivido neste ano 2019. Pero, o máis importante, é coller forzas para o arranque do novo ano. **Chega o Nadal, a época máis familiar do ano.**

Son moitos os que regresan durante uns días a casa e chega o momento de compartir eses divertidos momentos cos teus. E máis si tes nenos. Sen saír da nosa comarca, **hai multitude de plans do Nadal** para facer rodeados daqueles que máis queres. Aí van algúns...

**Pasear por un mercadillo do Nadal.** É moi típico nesta época do ano. Na **Coruña**, por exemplo, son varios os mercados que se celebran en distintos puntos da cidade: Un é o **Mercado das Nubes**, que terá lugar na Praza de San Agustín entre o 20 e o 22 de Decembro, de 12:00 a 22:00 horas e nel gozaremos de música en directo, e variadas propostas gastronómicas....

Fonte: El Español

## Investigan o potencial do eucalipto para producir mel

En **Galicia** existen máis de **4.000 apicultores e apicultoras**, están rexistradas máis de 160.000 colmeas e prodúcese máis de 2.000 toneladas de mel ao ano. Estes son algúns dos datos, procedentes de diferentes fontes, que investigadores do grupo AF-4 da Escola de Enxeñaría Forestal reuniron nun informe sobre a produción apícola na comunidade autónoma e a incidencia que nesta pode ter o **eucalipto**. "O estudo trata de ver cal é o potencial das especies forestais na produción melífera en Galicia, do que se sabe moi pouco", recoñece o investigador Enrique Valero. Tras esta análise inicial, explica, o seu obxectivo será agora coñecer a **capacidade de producir pole e néctar dos eucaliptos**, dado o seu adiantado e longo período de floración, e máis en concreto do **Eucalyptus nitens**...

Fonte: Gciencia

## 7 curiosidades que talvez non sabías sobre o Nadal

O **Nadal** é esa época do ano que, depende de para quen, supón **unas cousas ou outras**. Hai quen non simpatiza moito con ela e quen a espera cada ano coa maior ilusión, espertando ao seu neno interior. Si levas toda a vida celebrándoa, parecerache que xa non ten secretos para ti. Poñémosche a proba con estas **7 curiosidades sobre o Nadal**. Quizá non sabías tanto como crías...

**-Iso é visgo?** Aínda que o costume de bicarse baixo o visgo pouco ten que ver co Nadal en orixe. Na **Europa Celta**, o visgo considerábase unha planta con numerosas propiedades medicinais e místicas, ademais dun afrodisiaco, un potenciador da fertilidade e a planta da paz e o amor. Isto levou a que en moitos fogares colgácese na entrada como amuleto provedor de boa sorte...

Fonte: Odisea



# Boas Prácticas

## Manual de recomendacións para frear o cambio climático desde as entidades locais

O **cambio climático** é un fenómeno de índole complexa que afecta a todo o planeta, no que **interveñen moitos factores** e cuxas consecuencias poden levar a **cambios substanciais en todos os ecosistemas e na forma de vida** da nosa sociedade.

No **Manual de recomendacións** para frear o cambio climático desde as entidades locais **analízanse as súas causas e consecuencias**, identifícanse os escenarios de cambio climático en Andalucía e as **respostas** a este problema para, centrarse nunha serie de **recomendacións** para loitar contra o cambio climático desde o ámbito local. Trátase de actuacións individuais ou colectivas que se realizan tendo en conta criterios ambientais....

.Fonte: Miteco

## A Rexión de Murcia prepara unha estratexia para facer as cidades máis sustentables

A Comunidade lidera a Estratexia de Arquitectura e Construción Sustentable (EACS) que pretende facer as cidades máis sustentables **promovendo deseños urbanísticos e de edificación máis respectuosos co medio ambiente e saudables**. A través deste documento, elaborado coa participación dos axentes do sector, preténdese lograr unha **planificación urbana flexible** e avanzar cara a unha cultura de sustentabilidade no proceso edificatorio.

Esta iniciativa forma parte da **Estratexia rexional de economía circular** que a Comunidade promove para **implementar os Obxectivos de Desenvolvemento Sustentable (ODS)** que expón a Axenda 2030 de Organización das Nacións Unidas.

Fonte: Eysmunicipales

## Protexer o medio con lentes de bambú e reloxo de madeira

Lentes de sol de bambú, reloxo de madeira, gorras e mochilas de cortiza e algodón orgánico. Estes son os produtos da **empresa coruñesa de moda sustentable Livegens**, que naceu o pasado mes de xuño e que onte se fixo cun dos tres premios MOCE, promovidos pola Fundación Ronsel e destinados aos **mellores proxectos de autónomos e microempresas galegas**. No caso do galardón de Livegens, o xurado tivo en conta a vertente social desta empresa, que destina parte dos seus beneficios ao coidado do medio ambiente.

O proxecto parte dos irmáns Javier e Aitor Ramón, dous mozos residentes na Coruña e ligados por tradición familiar ao coidado do medio ambiente.

Fonte: La Opinión

## Axenda Ambiental

🍁 **Cine y naturaleza:** Wall-E (23 dec.), A viaxe do emperador (30 dec.). Sede Afundación A Coruña. Cantón Grande, 8.

🍁 **Exposición O noso Planeta.** (6 novembro - 8 febreiro). Sede Afundación A Coruña. Cantón Grande, 8.

**"Fixa o teu rumbo a unha estrela e poderás navegar a través de calquera tormenta"** Leonardo da Vinci

**¡Bo Nadal e Feliz Aninovo 2020!**

Deputación da Coruña  
Servizo de Desenvolvemento Territorial e Medio Ambiente  
Email: [medioambiente@dacoruna.gal](mailto:medioambiente@dacoruna.gal)